

Na baía

Katherine Mansfield

Tradución de María Ana Valladares Fernández



I

Pola mañá, moi cedo. Aínda non saíra o sol, e toda a baía de Crescent estaba agochada baixo unha branca brétema mariña. No fondo, os grandes outeiros cubertos de maleza, aparecían afogados. Non se podía ver onde remataban e onde empezaban os prados e os bungalós. A estrada areosa desaparecera, cos bungalós e os pastos ao outro lado; máis alá, non había dunas brancas cubertas de herba avermellada; non había nada que indicase cal era a praia, nin onde estaba o mar. Caera un espeso orballo. A herba era azul. Enormes pingas, que non acaban de caer, pendían das matogueiras; a prateada e laúda *toi-toi*¹ languidecía sobre os seus longos talos e todas as caléndulas e caraveliñas dos xardíns dos bungalós inclinábanse cara á terra coa humidade. As frías fuscias estaban enchoupadas, redondas perlas de orballo xacían sobre as planas follas dos agróns. Parecía coma se o mar estivese batendo docemente contra a escuridade, coma se unha inmensa onda viñese rizándose e rizándose... ata onde? Quizais se un espertase no medio da noite, podería ver como un gran peixe daba golpiños na ventá e fuxía de novo...

Ai...!, ai...!, laiábase o mar somnolento. E das matogueiras proviña o son de pequenos regatos que fluían rapidamente, lixeiramente, escorregando entre as lisas pedras, entrando a cachón nas cuncas rodeadas de fentos e saíndo outra vez. E as salpicaduras de enormes gotas sobre as anchas follas e algo máis —que sería?—, un feble estremecemento, unha lixeira sacudida, o estalo dunha ramiña e despois un silencio tal, que parecía coma se alguén estivese a escoitar.

Ao dobrar a esquina da Baía de Crescent, entre as moreas amontoadas de rocas escachadas, chegou un rabaño de ovellas a paso miúdo. Apiñábanse unhas contra as outras, unha pequena masa laúda, meneándose, e as súas delgadas patas, como varas, trotaban lixeiras coma se o frío e o repouso as asustasen. Detrás delas, un vello can de pastoreo, coas patas enchoupadas e cubertas de area, corría, cos fociños cara ao chan,

¹ Árbore nativa de Nova Zelandia. Toi-toi é a variante maorí dunha palabra polinesia. Do mesmo xeito que o eucalipto, o toi-toi recórdanos que non estamos en Inglaterra.

pero con indiferenza, coma se pensase noutra cousa. E logo, pola rocha con forma de porta, apareceu o pastor. Era un ancián fraco e recio, vestido cunha zamarra de tea que estaba cuberta por unha rede de pinguñas miúdas, con pantalóns de veludo atados por debaixo dos xeonllos e un ancho sombreiro cun pano azul dobrado arredor do bordo. Levaba metida unha man no cinto; coa outra empuñaba un caxato amarelo, marabillosamente pulido. E a medida que camiñaba, a modiño, mantiña un asubío suave e lixeiro, un livián e afastado son afrautado que soaba tristeiro e melancólico. O vello can deu unha ou dúas das cabriolas de outrora e logo detívose bruscamente, avergoñado da súa lixeireza, e deu algúns pasos solemnes ao carón do seu amo. As ovellas avanzaban precipitándose con pasiños lixeiros; comezaron a berrar, e rabaños fantasmais respondíanlles dende o fondo do mar: “Be... e... e! Be... e... e!” Durante algún tempo pareceu que estaban sempre no mesmo terreo. Alí, máis adiante deles, estendíase a estrada areenta con profundas pozas. A cada lado asomaban as mesmas matogueiras molladas e as mesmas estacas sombrías. Entón, algo inmenso se fixo visible: un xigante enorme cos pelos de punta e os brazos estendidos. Era o enorme eucalipto que había fóra da tenda da señora Stubbs e, cando pasaron polo seu lado sentiron unha intensa bafarada a eucalipto. E agora grandes puntos de luz relucían no medio da bruma. O pastor parou de asubiar; enxugou o nariz vermello e húmida barba coa manga mollada, e entornando os ollos, mirou cara ao mar. O sol estaba saíndo. Era marabillosa a rapidez coa que a néboa se dispersaba, esvaecía con gran rapidez, disolvíase na chaira pouco profunda, enroscábase pola maleza, ao levantarse, e desaparecía, coma se tivese présa por escapar; grandes espirais, empurrábanse unhas ás outras abrindo paso a medida que os raios de prata se ensanchaban. O afastado ceo, dun azul brillante e puro, reflectíase nas pozas e as gotas que esvaraban ao longo dos postes telegráficos, emitían reflexos luminosos. Agora o mar saltarico, escintilante, estaba tan brillante que che facía doer os ollos ao miralo. O pastor sacou unha pipa do seu peto, co forno tan pequeno como unha landra; revolveu nos petos na procura de picadura de tabaco amazocada, cortou algunhas raspaduras e acendeu o forno. Era un vello serio e de aspecto imponente. Mentres acendía a pipa e o fume azul saía facendo espirais arredor da súa cabeza, o can, que o contemplaba, parecía orgulloso del.

“Be ... e ... e! Be... e... e!” Os anos despregáronse nun abano. Acababan de deixar a colonia estival antes de que o primeiro durminte dese unha volta na cama e erguese a súa cabeza somnolenta; os seus berros resoaban no medio dos soños dos

pequenos... que ergueron os brazos para arrastrar cara a si aos preciosos cordeiriños laídos do soño e para abrazalos mecosamente. Entón apareceu o primeiro dos habitantes: era *Florrie*, a gata dos Burnell, que estaba sentada sobre o poste do portalón, demasiado cedo, como de costume, agardando á leiteira. Cando viu o vello can do pastor, levantouse de súpeto, arqueou o lombo, recolleu a súa cabeza atigrada e pareceu estarrecer cun airiño refinado. “¡Uf! Que groseira e noxenta criatura!” —dixo *Florrie*, pero o vello can de pastoreo, pasou meneándose sen erguer a cabeza e estirando as patas primeiro por un lado e logo polo outro. Só unha das súas orellas se sacudiu nerviosamente para demostrar que a vira e que a consideraba unha femia nova e estúpida.

A brisa matutina alzouse sobre a maleza, e o olor das follas e da terra negra húmida mesturouse co penetrante olor do mar. Miríades de paxaros cantaban. Un xílgaro voou por enriba da cabeza do pastor e, pousándose na mesmísima punta dunha ramiña, volveuse cara ao sol e encrespou as plumiñas do seu peteiro. E xa pasaran a cabana do pescador, e a pequena cabana chamuscada onde Leila, a leiteira, vivía coa súa avoa. As ovellas escaparon por unha lameira amarela e Wag, o can pastor, seguiu nos co seu paso suave, xuntounas e dirixiunas cara ao desfiladeiro máis escarpado e estreito, que partía da baía de Crescent cara á Cova de Daylight. “Be... e... e!”, feble soaba o berro, mentres o rabaño seguía abaneándose ao longo da estrada, que secaba con rapidez. O pastor gardou a pipa deixándoa caer no peto do peito, de maneira que o pequeno forno colgase cara a fóra. E deseguido o doce asubío aéreo comezou de novo. *Wag* botouse a correr ao longo do fío dunha rocha, na procura de algo que lle ulía, e volveu desgustado. Entón, empurrándose, amazocándose, as ovellas dobraron a curva e o pastor seguiu e perdeuse de vista.

II

Un pouco máis tarde, abriuse a porta traseira dun dos bungalós e unha silueta cun traxe de baño de bandas anchas botouse polo prado abaixo; saltou por enriba da escaleira do cercado, pasou a toda velocidade polos montículos de herba ata o fondal e subiu facendo eses a pendente de area e botouse a correr sobre as enormes pedras

porosas, sobre os seixos fríos e húmidos, coma se lle fose a vida niso, ata a dura area que resplandecía como o aceite. Plish, plash! Plish, plash! A medida que Stanley Burnell avanzaba exultante pola auga, esta burbullaba arredor das súas pernas. Era o primeiro, coma sempre. Outra vez vencéraos a todos. E mergullouse de súpeto para mollar a cabeza e o pescozo.

—Saúde irmán! Saúde a ti oh Poderoso! —Unha voz baixa, aveludada, chegaba resoando por enriba da auga.

Vaia home! Que o demo o leve! Stanley ergueuse para ver unha cabeza escura que cambaleaba ao lonxe e un brazo erguido. ¡Era o seu cuñado, Jonathan Trout... alí antes ca el!

—Unha mañá estupenda! —dixo con voz cantareira.

—Si moi fermosa —dixo Stanley laconicamente. Por que demos non se cinguía este tipo á súa parte do mar? Por que tiña que vir meténdose ata este preciso punto? Stanley deu unha patada, mergullouse e botouse a nadar a braza. Pero Jonathan podíalle. Alcanzouno, co seu pelo negro lustroso sobre a fronte e coa súa brillante barba curta.

—Onte á noite tiven un soño extraordinario! —berrou.

Pero, que lle pasaba a aquel home? Esa manía da conversa alporizaba a Stanley dun xeito indescribible. E sempre era o mesmo, sempre algunha parvada verbo dun soño que el tivera, ou algunha idea estrafalaria que concibira, ou algunha bobada que estivera lendo. Stanley volveuse de costas e chapuzou coas pernas ata converterse nunha tromba mariña viva. Pero aínda así...

—Soñei que me asomaba por un acantilado tremendamente alto e que lle berraba a alguén que había abaixo...

“E dálle!”, pensou Stanley. Non podía aguantar máis. Parou de batuxar.

—Óiame, Trout —dixo—, teño bastante présa esta mañá.

—Ten QUE? —Jonathan estaba tan abraiado, ou aparentaba estalo, que se mergullou baixo a auga e reapareceu de novo, arquexando.

—O que quero dicir —dixo Stanley—, é que non teño tempo de... de... de andar con parvadas. Quero acabar con isto dunha vez. Teño présa. Teño que traballar esta mañá..., entende?

Jonathan xa marchara antes de que Stanley rematase.

—Pase, amigo! —dixo, docemente, en voz baixa, e escapuliuse pola auga sen apenas facer unha onda... Pero maldito parvvo! Estragara o baño de Stanley. Que imbécil e que pouco sentido tiña aquel home! Stanley volveu nadar mar dentro e logo, coa mesma rapidez, nadou cara a terra e alcanzou con ímpeto a praia. Sentíase defraudado.

Jonathan quedou un anaco máis na auga. Flotaba, movendo suavemente as mans como aletas e deixando que o mar abanase o seu longo e escualido corpo. Era curioso, pero, malia todo, tíñalle agarimo a Stanley Burnell. Certo era que ás veces sentía un desexo diabólico de amolalo, de ridiculizalo, pero no fondo o pobre dáballe mágoa. Había algo patético na súa determinación de facer un drama de todo. Un non podía evitar presentir que algún día aquel home levaría unha sorpresa e entón, ¡vaia fracaso! Naquel intre unha onda inmensa alzou a Jonathan, cabalgou sobre el deixándoo atrás e rompeu na praia cun alegre ruído. Que fermosura! E agora chegou outra. Así era como había que vivir!, despreocupadamente, con temeridade, deixando a pel. Púxose de pé e camiñou cara á beira presionando cos pés a firme e engurrada area. Tomar as cousas con calma, sen loitar contra o fluxo e o refluxo da vida pero deixándose levar por ela, iso era o que había que facer. Era esa tensión a que resultaba totalmente impropia. Vivir, vivir! E a mañá perfecta, tan fresca e fermosa, bañándose na luz, coma ríndose da súa propia fermosura, parecía murmurar: “Por que non?”.

Pero agora que estaba fóra da auga, Jonathan ía poñéndose morado co frío. Doíalle todo o corpo; era coma se alguén lle estivese a espremer o sangue. E mentres subía a praia a grandes zancadas, estremecéndose, con todos os músculos tesos, sentiu tamén que o seu baño se estragara. Estivera demasiado tempo dentro da auga.

III

Beryl estaba soa no salón, cando Stanley apareceu en traxe de sargo azul, colo amidonado e gravata de lunares. Tiña un aire case extraordinariamente limpo e cepillado. Ía botar o día na cidade. Deixouse caer na cadeira, sacou o reloxo e púxo xunto ao prato.

—Só teño vinte e cinco minutos —dixo—. Podería ir ver se as papas de avea están preparadas, Beryl?

—Mamá acaba de ir —dixo Beryl—. Ela sentou á mesa e serviulle o té.

—Grazas! Stanley bebeu un grolo. Vaia! —dixo con aire sorpresa—, esqueceu o azucre.

—Oh! Desculpe! —Pero, aínda así, Beryl non llo serviu; empurrou o azucreiro cara a el. Que significaba isto? A medida que Stanley se servía os seus ollos azuis abríanse cada vez máis; parecía que se estremecían. Botoulle unha rápida ollada á súa cuñada e inclinou o corpo cara atrás.

—Non acontece nada malo, verdade? —preguntou con indiferenza, sobando o seu colo.

A cabeza de Beryl estaba inclinaba e facía xirar o prato entre os seus dedos.

—Nada —dixo a súa lene voz. Entón ela tamén ergueu a vista e sorriulle a Stanley—. E por que había de acontecer?

-Oh! Por nada que eu saiba. Parecíame vostede bastante...

Naquel momento a porta abriuse e apareceron tres rapaciñas levando un prato de papas cada unha. Vestían igual, con xerseis azuis e pantalóns curtos; as súas bronceadas pernas estaban espidas e todas levaban o pelo trezado e atado no que se chamaba unha cola de cabalo. Detrás delas viña a señora Fairfield coa bandexa.

—Con coidado, nenas! —advertiulles. Pero elas estaban a ter o máximo coidado. Encantáballes que se lles permitise levar cousas—. Désteslles os bos días aos vosos pais?

—Si avoa.

Tomaron asento no banco fronte a Stanley e Beryl.

-Bos días, Stanley! —A anciá señora Fairfield deulle o seu prato.

-Bos días nai. Como está o rapaz?

—De marabilla. Só espertou unha vez esta noite. Que mañá tan estupenda!

A anciá detívose, coa man sobre unha barra de pan, para mirar o xardín, pola porta aberta. O mar resoaba. A través da ventá aberta de par en par o sol bañaba os muros pintados de amarelo e o chan nu. Todo o que había sobre a mesa brillaba e

escintilaba. No centro había unha vella ensaladeira chea de agróns vermellos e amarelos. Ela sorriu, e unha mirada de plena satisfacción resplandeceu nos seus ollos.

—Poderías cortarme unha rebanda dese pan, mamá? —dixo Stanley—. Só quedan doce minutos e medio para que pase a carruaxe. Alguén lle deu os meus zapatos á criada?

—Si, xa están listos. —A señora Fairfield nin sequera se inmutou.

—¡Oh Kezia! Por que es unha rapaza tan porca? —berrou Beryl desesperadamente.

—Eu, tía Beryl?

Kezia mirouna fixamente aos ollos. Que fixera agora? Soamente sucara un río no medio das súas papas, enchérao de leite e estaba a comer as beiras. Pero ela viña facendo isto todiñas as mañás e ninguén lle dixera nada ata hoxe.

—Por que non podes comer como é debido, igual que Isabel e Lottie?

Que inxustos son os adultos!

—Pero Lottie sempre fai unha illa, non si, Lottie?

—Eu non —dixo Isabel vivamente. Eu só espaxo as miñas papas con azucre, póñolles leite por riba e acáboas. Só os meniños pequenos xogan coa comida.

Stanley empurrou a súa cadeira cara atrás e ergueuse.

—Mamá, Poderías dicirlles que me traian os zapatos? E Beryl, se rematou, quixera que baixase ata a porta e parase a carruaxe. Isabel, vai correndo xunta a túa nai e pregúntalle onde puxo o meu sombreiro. Agarda un minuto, estivestes a xogar co meu bastón, nenas?

—Non papá.

—Pero se o puxen aquí.

Stanley empezou a ouvir.

—Recordo con toda seguridade que o puxen nesta esquina. A ver, quen o colleu? Non teño tempo que perder. Axiña! Hai que atopar o bastón.

Ata Alice, a criada, tivo que unirse á busca.

—Non o estaría a usar vostede para atizar o lume da cociña por casualidade?

Stanley entrou precipitadamente no dormitorio onde Linda estaba deitada.

—Que cousa máis rara! Non consigo gardar unha soa das miñas pertenzas. Agora fixéronse co meu bastón!

—O teu bastón, querido? Que bastón?

O despiste de Linda nesas ocasións non podía ser real, decidiu Stanley. E que ninguén se ía solidarizar con el?

—A carruaxe! A carruaxe, Stanley! —berrou a voz de Beryl dende a porta.

Stanley axitou o brazo cara a Linda.

—Non teño tempo para despedirme! —berrou. E dese xeito pretendía castigala.

Colleu bruscamente o seu sombreiro, saíu precipitadamente da casa e baixou correndo o camiño do xardín. Si, a carruaxe estaba alí, agardando, e Beryl, apoiándose sobre a porta aberta, estáballe sorrindo a alguén, tal e coma se nada acontecese. Que desalmadas son as mulleres! Dan por sentado que a túa obrigaición é traballar coma un negro por elas mentres que elas nin tan sequera se toman a molestia de procurar que o bastón de un non se perda! O condutor arrastrou o seu látego polas costas dos cabalos.

—Adeus, Stanley! —berrou Beryl con dozura e xúbilo. Era bastante doado dicir adeus. E alí quedaba ela, preguiceira, protexendo os ollos coa man. O peor de todo era que Stanley tiña que berrar tamén adeus, co gallo de gardar as aparencias. Entón viu como se daba a volta, daba un saltiño e corría de volta á casa. Estaba contenta por desfacerse del!

Si, alegrábase. Correu ata o salón e dixo dando voces:

—Marchou!

Linda berrou dende op seu cuarto:

—Beryl! Marchou Stanley?

A anciá señora Fairfield apareceu co neno vestido coa súa chaquetiña curta de flanela.

—Marchou?

—Marchou!

Oh que alivio! Que diferenza co home fóra de casa! Ata as súas voces cambiaran cando se chamaban entre elas; soaban cálidas e agarimosas, coma se compartisen un segredo. Beryl achegouse á mesa.

—Toma outra cunca de té, mamá. Aínda está quente. —Quería celebrar, dalgún xeito, o feito de que agora puidesen facer o que quixesen. Xa non había ningún home que as amolase; todo o magnífico día era de seu.

—Non grazas, nena —dixo a anciá señora Fairfield, pero o xeito como naquel momento abaneaba o meniño e lle dicía: “A-gu..., a-gu..., a-ga!”, significaba que sentía o mesmo. As rapaciñas correron polo prado, como polos que se ceiban do galiñeiro.

Incluso Alice, a criada, que estaba a fregar os cacharros na cociña, contaxiouse e usou a prezada auga do depósito dun xeito totalmente imprudente.

—Oh, estes homes! —dixo e mergullou a teteira na cubeta e mantívoa baixo a auga, incluso unha vez as burbullas xa pararan, coma se esta fose tamén un home e afogalo fose pouco para eles.

IV

—Agardádeme, I-sa-bel! Kezia, agardadéme!

Velaí a pobriña de Lottie que quedaba de novo atrás, porque lle parecía tan terriblemente difícil pasar ela soa a escaleira. Cando se atopou sobre o primeiro chanzo, os seus xeonllos empezáronlle a vacilar; agarrouse ao poste. Entón tiña que pasar unha perna por enriba. Pero que perna? Nunca era capaz de decidir. E cando por fin poñía unha por riba dando unha especie de patada de desesperación entón a sensación foi horrible.. Estaba aínda metade no prado e metade na herba mesta. Agarrábase á estaca con desesperación e alzaba a voz:

—Esperádeme!

—Non, non a esperes Kezia! —dixo Isabel—. É tan parviña. Sempre arma bulla. Vamos!

E tiraba polo xerse de Kezia.

—Podes usar o meu cubo se vés comigo —díxolle amablemente—. É máis grande que o teu.

Pero Kezia non podía deixar a Lottie soa. Volveu correndo cara a ela. Desta vez Lottie tiña a cara moi encarnada e respiraba con dificultade.

—A ver, pasa o outro pé por enriba —dixo Kezia.

—Onde?

Lottie miraba a Kezia coma se estivese no alto dunha montaña.

—Aquí, onde está a miña man. —Kezia daba golpiños coa man no sitio.

—Oh, alí quererás dicir.

Lottie deu un profundo suspiro e pasou o segundo pé por enriba.

—Agora... fai unha especie de xiro e déixate esvarar —dixo Kezia.

—Pero non hai nada sobre o que sentar, Kezia —dixo Lottie.

Ao final conseguíuno, e unha vez rematou, sacudiuse e sorriu coa alegría.

—Cada vez escalo mellor os valados, non si, Kezia?

Lottie era moi optimista de seu.

A gorra rosa e a azul seguiron a gorra brillante e vermella de Isabel, ata un corredizo e esvaradío outeiro. Na cima detivéronse para decidiren onde ir e poderen mirar ben quen estaba xa alí. Vistas dende atrás, en pé, co ceo de fondo, xesticulando vehemente coas súas pas, parecían unhas diminutas exploradoras confundidas.

Toda a familia Samuel Joseph estaba xa alí, coa señorita que estaba sentada nun tallo pregable e mantiña a cun asubío que levaba atado ao pescozo e unha pequena vara coa que dirixía as operacións. Os Samuel Joseph nunca xogaban sós, nin planificaban os seus propios xogos. De o faceren, os rapaces remataban case botando auga polo pescozo das rapazas, ou as rapazas tentando introducir cangrexións negros nos petos dos rapaces. Así que a señora Samuel Joseph e a pobre señorita redactaban cada mañá o que chamaban un “bograma” para mantelos entretidos e evitar as falcatruadas. Tratábase de competicións, carreiras ou xogos de mesa. Todo comezaba cun penetrante asubío da señorita e remataba con outro. Incluso había premios –voluminosos paquetes cun papel bastante sucio que, a señorita, cun sorrisiño agre, sacaba dun avultado saco. Os Samuel Joseph loitaban terrorificamente polos premios e facían trampas, beliscábanse os brazos, todos eran expertos beliscadores. A única vez que os nenos de Burnell xogaron con eles, Kezia conseguiu un premio e unha vez desfixo os tres anacos de papel, descubriu un minúsculo corchete oxidado. Non puidera entender por que facían tantos espaventos...

Pero agora elas non xogaban nunca cos Samuel Joseph e nin sequera ían ás súas festas. Os Samuel Joseph sempre daban festas de nenos na baía e sempre había a mesma comida. Unha gran escudela de ensalada de froita toda ennegrecida, uns *bolos* cortados

en catro anacos e un xerro cheo de algo que a criada chamaba “limoamada”. E unha volvía á casa á noite con medio voante do vestido arrancado, ou con algo derramado polo mandil calado, mentres deixaba os Samuel Joseph brincando coma salvaxes sobre o seu céspede. Non! Eran demasiado terribles!

Do outro lado da baía, moi preto da auga, dous nenos cos pantalóns arremangados, movíanse coma arañas. Un estaba a cavar, o outro entraba e saía da auga con pasos lixeiros para encher un cubo pequeno. Eran os Trout, Pip e Rags. Pero Pip estaba tan ocupado cavando, e Rags axudando, que non viron as súas curmanciñas ata que elas estiveron moi preto.

—Mirade! —dixo Pip—. Mirade o que descubrín!

E amosoulles unha bota vella, enchoupada e esmagada. As tres rapaciñas cravaron a vista.

—Que vas facer con ela? —preguntou Kezia.

—Gardala, por suposto!

Pip amosou desprezo.

—Non ves que é un achado?

Si, Kezia vía. De todas maneiras...

—Hai moreas de cousas enterradas na area —explicou Pip—. Quedan abandonadas nos naufraxios. Tesouros. Si, poderíamos descubrilos...

—Pero, por que Rags ten que verter auga continuamente? —preguntou Lottie.

—Oh! É para mollar a area —dixo Pip—. Para facilitar un pouco o traballo. Dálle, Rags.

E o bo do pequeno Rags, corría de arriba a abaixo e vertía a auga que se volvía marrón coma o chocolate.

—Oíde, queredes que vos amose o que atopei onte? —dixo Pip, misteriosamente; espetou a súa pa na area—. Prometede non contar nada.

Elas prometérono.

—Dicide xuro coa miña palabra...

As rapaciñas dixérono.

Pip sacou algo do seu peto, fregouno moito tempo na peiteira do seu xersei, despois soprou sobre el e fregouno de novo.

—Agora, volvédevos de costas! —ordenou.

Elas volvéronse de costas.

—Mirade todas ao mesmo lado! Estade quietas! Agora!

E abriu a súa man; sostivo cara á luz algo que brillaba, que escintilaba, que era dun verde do máis marabilloso.

—É unha esmeralda —dixo Pip, con solemnidade.

—De verdade Pip? —Ata Isabel estaba impresionada.

A fermosa cousa verde parecía bailar nos dedos de Pip. Tía Beryl tiña unha esmeralda nunha sortella, pero era moi pequena. Aquela esmeralda era tan grande coma unha estrela e moito máis fermosa.

V

A medida que a mañá se prolongaba, apareceron no alto das dunas numerosos grupos que baixaban a bañarse na praia. Era sabido que ás once as mulleres e os nenos da colonia estival tiñan o mar para eles sós. Primeiro as mulleres espíanse, poñían os seus traxes de baño, cubrían a cabeza con horribles gorras como bolsas de esponxas; logo desabrochaban a roupa dos nenos. A praia estaba sementada de pequenas moreas de roupa e zapatos; os grandes sombreiros de sol, con pedras sobre eles para impedir que os levase o vento, parecían inmensas cunchas. Era estraño que ata o son do mar parecese diferente, cando todas esas siluetas saltaricas e riseiras, entraban correndo polo medio das ondas. A anciá señora Fairfield, cun vestido de algodón lila e un sombreiro negro atado por debaixo da barbela, reunía a súa prole e preparábaa. Os pequenos Trout quitaban rapidamente as súas camisas pola cabeza, e os cinco botaban a correr mentres a súa avoa permanecía sentada cunha man na bolsa da calceta, disposta a sacar dela a pelota de la tan pronto como estivese convencida de que os nenos estaban xa na auga sans e salvos.

As nenas, de corpo firme e compacto, non eran nin a metade de valentes que os nenos, de aspecto tenro e delicado. Pip e Rags estremecidos, anicábanse, zoupaban a auga coas palmas das mans, non dubidaban nunca. Pero Isabel, que podía nadar doce brazadas, e Kezia, que era capaz de dar case oito, seguíanos só baixo a estrita condición

de que non as salpicarían. En canto a Lottie non os seguía de ningún xeito. Gustáballe que lle deixasen entrar na auga ao seu xeito. E ese xeito consistía en sentar á beira da auga coas pernas rectas e os xeonllos apertados, e facer cos seus brazos vagos movementos, coma se esperase ser levada flotando mar dentro. Pero cando unha onda máis forte que as outras, unha vella onda bigotuda, chegaba movéndose torpemente en dirección a ela, erguíase precipitadamente, co horror pintado na cara, e corría á praia outra vez.

—Mamá, gárdasme isto?

Dúas sortellas e unha delgada cadea de ouro caeron no colo da señora Fairfield.

—Si querida Pero non te vas bañar aquí?

—N... n... non —dixo Beryl con fala lenta e pesada. O seu ton era indeciso.

—Voume espir máis lonxe, por alá. Vou bañarme coa señora Harry Kember.

—Moi ben.

Pero a señora Fairfield apertou os beizos. Non lle tiña simpatía á señora Harry Kember e Beryl sabíao.

“Pobre mamá velliña!” dicíase, sorrindo, mentres pasaba rozando as pedras cos seus pés. “Pobre mamá vella! Vella!” Oh que ledicia, que felicidade era ser nova!

—Parece estar moi contenta —dixo a señora Harry Kember. Estaba sentada e encolleita sobre as pedras, cos brazos arredor dos xeonllos, fumando.

—Vai un día tan delicioso! —dixo Beryl, sorríndolle.

—Oh! Querida nena!

Pola voz da señora Harry Kember parecía coma se soubese máis. Pero despois a súa voz sempre parecía indicar que sabía acerca dun moito máis que un mesmo. Era unha muller alta, de aspecto estraño, de mans e pés estreitos. A súa faciana tamén era estreita e longa cunha expresión extenuada; ata o seu floco louro e rizado parecía queimado e murcho. Era a única muller que fumaba na baía, e fumaba arreo, sostendo o cigarro entre os beizos mentres falaba e retirándoo só cando a cinza era tan longa que un non podía comprender por que non caía. Cando non xogaba ao bridge —xogaba ao bridge todo os días da súa vida—, pasaba o seu tempo tombada a pleno sol. Era capaz de aguantar calquera dose; nunca tiña abondo. E, porén, o sol non parecía que a secara. Seca, murcha, fría, estendíase sobre as pedras como un anaco de madeira abaneado á

deriva. As mulleres da baía pensaban que aquela muller era moi pero que moi lixeira. A súa falta de vaidade, o seu argot, o seu xeito de tratar os homes, coma se ela fose un deles, o feito de importarlle unha figa a súa casa e o de chamarlle a súa criada, Gladys “*Ollos alegres*”, era un escándalo. De pé, sobre os chanzos do soportal, a señora Kember dicía a gritos coa súa voz indiferente e extenuada: “Dígame, *Ollos alegres*, poderíame pasar un pano se me queda por aí algún, si?” E *Ollos alegres*, que levaba un lazo vermello no pelo en lugar de cofia, e zapatos brancos, viña correndo cun sorriso descarado. Era un verdadeiro escándalo! É certo que non tiña nenos, e o seu marido... Aquí as voces álporizábanse sempre, exaltábanse. Como podería casar con ela? Como? Como? Debeu de ser polos cartos, dende logo, pero aínda así!

O marido da señora Kember tiña polo menos dez anos menos ca ela e era tan incrivelmente atractivo, que parecía unha máscara, ou a ilustración máis perfecta dunha novela estadounidense, en vez dun home. Pelo negro, ollos azul escuro, labios vermellos, un preguiceiro sorriso somnolento, bo xogador de tenis, perfecto bailarín, e ademais todo un misterio. Harry Kember parecía a un home que paseaba durmido. Os homes non podían aturalo, eran incapaces de sacarlle unha palabra ao tipo; ignoraba a súa muller da mesma maneira que ela o ignoraba a el. Como vivía? Naturalmente existían historias, e que historias! Non se podían contar, sinxelamente. As mulleres coas que se vira, os lugares onde o viran...; pero nunca houbo nada certo, nada definitivo. Algunhas das mulleres da baía crían para os seus adentros que algún día cometería un asasinato. Si, incluso mentres falaban coa señora Kember e dixerían a horrible mestura que vestía, víana estirada, tal e como se tombaba na praia, pero fría, ensanguentada, e sempre co cigarro cravado na comisura dos beizos.

A señora Kember ergueuse, bocexou, desabrochou bruscamente a fibela do cinto, e deulle un tirón á cinta da súa blusa; e Beryl deu un paso, deixando a saia no chan, despoxouse do xersei e quedou de pé coas súas enaguas brancas e curtas, e co seu xustillo, con nós de fita nos ombros.

—Deus se apiade de nós! —dixo a señora Harry Kember —que pequena beleza!

—Non! —dixo Beryl docemente; pero, ao quitar unha media, sentiuse como unha pequena beleza.

—Querida..., por que non? —dixo a señora Harry Kember, pisando a súa propia enagua. A verdade... a súa roupa interior! Uns pantalóns de algodón azul e un corpiño

de liño que por algunha que outra razón facía pensar nunha funda de almofadón— E non leva sostén, verdade?

Tocou a cintura de Beryl, e Beryl apartouse dun salto, cun pequeno berro afectado. Logo dixo con afouteza:

—Nunca!

—Que criatura máis afortunada! —suspirou a señora Kember, desabrochando o seu.

Beryl volveu as costas e púxose a facer os complicados movementos de alguén que trata de quitar a roupa e de poñer o traxe de baño todo á vez.

—Oh, querida miña! Non se amole por min —dixo a señora Harry Kember—. Por que esa timidez? Non a vou comer. Eu non me vou escandalizar, como esoutras bobas.

E riuse coa súa estraña risa de rincho, acenando en dirección ás outras mulleres.

Pero Beryl non se atrevía. Nunca se espira diante de ninguén. Era unha estupidez? A señora Harry Kember facíalle sentir que era unha parvada e que incluso debía sentirse avergoñada por tal conduta. Por que tanta reserva? Botoulle unha ollada rápida á súa amiga, que alí estaba de pé tan atrevidamente, coa súa camisa esgazada, acendendo un novo cigarro; e un sentimento rápido, ousado, perverso, empezou a percorrer o seu peito. Sorrindo sen temor, puxo o traxe de baño que aínda tiña areas e non estaba totalmente seco e abrochou os botóns.

—Así está mellor —dixo a señora Harry Kember. Despois empezaron a baixar xuntas pola praia—. A verdade é que en vostede resulta un crime levar roupa, querida. Alguén llo dirá calquera día.

A auga estaba completamente morna. Era dun azul marabilloso e transparente, salpicado de prata; pero a area, no fondo, parecía ouro; cando se golpeaba coa punta dos pés, alzábase unha pequena bafarada de po de ouro. Agora, as ondas alcanzáranlle o peito. Beryl permaneceu cos brazos estendidos, contemplando a distancia e a cada onda que viña daba un saltiño do máis insignificante, de modo que parecía que era a onda a que a elevaba tan docemente.

—Eu creo que as rapazas merecen pasalo ben —dixo a señora Harry Kember—. Por que non? Non se equivoque, querida. Divírtase vostede. —E de súpeto volveuse patas arriba, e desapareceu nadando veloz, veloz coma unha rata. Despois fixo unha

brusca viraxe e dirixiuse cara á praia. Ía dicir algo máis. Beryl sentía que esta fría muller estaba a envelenala pero devecía por escoitala. Pero oh!, que estraño!, que horrible! A medida que a señora Harry Kemper se ía achegando co seu gorro de baño negro resistente á auga, co seu rostro adormecido sobresaíndo por riba da auga que lle rozaba o queixo, parecía unha horrible caricatura do seu marido.

VI

Nunha hamaca, baixo unha *manuka*² que medraba no medio do céspede central, Linda Burnell pasaba a mañá soñando. Non facía nada. Miraba as follas sombrías, pechadas e secas da manuka, e os fragmentos de ceo azul entre elas e, de cando en vez, caía sobre ela unha flor minúscula e amarelenta. Preciosas... si, se tivésemos unha desas flores na palma da man e a mirásemos de preto, sería unha cousiña exquisita. Cada pétalo amarelo pálido brillaba, coma se cada un fose o traballo minucioso dunha man agarimosa. A diminuta lingua do centro dáballe a forma dunha campaiña; e cando se lle daba volta, o exterior era dunha cor bronce intensa. Pero tan axiña como florecían, caían e espáreganse. Un quitábaas do vestido mentres falaba; estas horribles cousiñas enguedellábanseche no pelo. Entón, para que florecer? Quen se tomaba a molestia —ou o gozo— de facer todas esas cousas que se perden, pérdense?... Era extraordinario.

Na herba, preto dela, deitado entre dúas almofadas, estaba o neno. Xacía profundamente durmido, coa cabeza no lado oposto da súa nai. O seu pelo escuro e fino parecía máis unha sombra que pelo real pero a súa orella era dunha cor coral intensa e viva. Linda cruzou as mans por enriba da cabeza e cruzou tamén os pés. Era moi agradable saber que todos eses bungalós estaban baleiros, que todo o mundo baixara á praia, sen ser visto nin oído. Tiña o xardín enteiramente para ela; estaba soa.

Os caraveis brillaban cegando coa súa cor branca; as caléndulas de ollos dourados escintilaban; as capuchinas adornaban con lapas verdes e douradas os postes do soportal. Oxalá tivese unha o tempo suficiente para mirar aquelas flores, o tempo de superar a sensación de novidade e rareza, o tempo de coñecelas! Pero tan pronto como

² Nome maorí dunha árbore de follas aromáticas.

unha se detiña a separar os pétalos, a descubrir o revés da folla, chegaba a Vida e arrastrábaa. E Linda, tombada na súa cadeira de caña, sentíase tan lixeira; sentíase coma unha folla. A Vida viña, como un vento que a collía e a sacudía; tiña que marchar. Oh Deus! Vai ser sempre así? E que non hai escapatoria ningunha?

Agora estaba sentada no soportal da casa paternal, en Tasmania, apoiada contra o xeonllo do seu pai: E el prometíalle: “Tan pronto como sexamos bastante vellos, ti e mais eu, Linny, partiremos a algures, escaparemos. Como dous rapaces xuntos. Apeteceríame navegar por un río de China.” Linda vía aquel río, moi ancho, cuberto de almadías e barcas pequenas. Vía os sombreiros amarelos dos barqueiros, oía as súas voces agudas e tenues cando chamaban...

—Si papá.

Pero xusto entón un mozo moi forte, de pelo avermellado e brillante, pasaba con lentitude por diante da súa casa e lentamente, solemnemente incluso, retiraba o sombreiro saudando. O pai de Linda tiroulle das orellas de broma, cun xesto moi de seu...

—O pretendente de Linny —murmurou.

—Oh, papá, imaxínate estar casada con Stanley Burnell!

E ben, casara con el. E aínda por riba, quería. Non o Stanley que vía todo o mundo, non o de todos os días, senón un Stanley tímido, sensible, inocente, que cada noite se axeonllaba para facer os seus rezos e que desexaba veherentemente ser bo. Stanley era simple. Se confiaba na xente —como confiaba nela, por exemplo— era con todo o seu corazón. Era incapaz de ser desleal; era incapaz de mentir. E como sufría cruelmente se consideraba que alguén —ela mesma— non estaba a ser completamente sincero con el! “Iso é demasiado sutil para min!” El soltáballe esas palabras, pero o seu aspecto manifestamente estremecido e turbado parecíase ao dun animal atrapado.

Pero o problema era que —aquí Linda case tivo gañas de rir, aínda que Deus sabe que non era cousa de risa— ela vía o seu Stanley raras veces. Había reflexos, momentos de respiro, calma, pero o resto do tempo era como vivir nunha casa que non deixaba de se incendiar, nun barco que se ía a pique a diario. E sempre era Stanley quen estaba no corazón do perigo. Ela pasaba todo o seu tempo rescatándoo, reconfortándoo, calmándoo, e escoitando o seu argumento. E o que lle quedaba do seu tempo pasábao coa angustia de ter fillos.

Linda pregou as cellas; endereitouse na hamaca e agarrou os nocellos coas mans. Si, esa era verdadeira xenreira que tiña contra a vida; iso era o que non podía comprender. Esa era a pregunta que facía unha e outra vez, e cuxa resposta procuraba escoitar en van. Era moi doado dicir que a sorte común das mulleres era ter fillos. Iso non era certo. Ela mesma, por exemplo, podía demostrar que iso era falso. Estaba desfeita, debilitada, sen azos, a forza de dar a luz. E o que aínda resultaba dobremente duro, era que non quería os seus nenos. Era inútil aparentar. Aínda que tivese a fortaleza, nunca coidaría das súas neniñas nin xogaríase con elas. Non, era coma se un sopro frío a conxelase por dentro durante cada unha daquelas horribles viaxes; non lle quedaba ningunha calor por lles ofrecer. En canto ao neno... pois, grazas a Deus mamá encargárase del; era seu, ou de Beryl, ou de calquera que o quixese. Apenas o sostivera nunca nos os brazos. Sentía tal indiferenza ante el que mentres descansaba alí... Linda baixou a vista cara a el.

O bebé volvérase. Estaba deitado mirándoa, e xa non durmía. Os seus ollos azul escuro de bebé estaban abertos; parecía que miraba para a súa nai ás agachadas. E, de súpeto, o seu rostro encheuse de fochas e esbozou un amplo sorriso desdentado, sen dúbida unha verdadeira raiola de luz.

—Estou aquí —parecía dicir aquel sorriso feliz—. Por que non me queres?

Había algo tan especial, tan inesperado, neste sorriso que Linda sorriu tamén. Pero contívose e díxolle ao rapaz:

—Non me gustan os bebés.

—Non che gustan os bebés?

O pequeno non o podía crer.

—Non me queres? —Axitou os brazos coma un babeco, na dirección da súa nai.

Linda deixouse esvarar da súa hamaca ata o céspede.

—Por que estás sempre sorrindo? —dixo con severidade—. Se soubeses o que penso, non o farías.

Pero todo o que fixo foi chiscar os ollos con picardía e dar voltas coa cabeza sobre o almofadón. Non cría unha soa palabra do que ela dicía.

—Sabémolo todo! —dicía o sorriso do neno.

Linda quedou tan abraiada pola confianza desta criaturiña... Ah non, sé sincera! Iso non era o que sentía; era algo completamente diferente, era algo tan novo, tan... As bágoas vacilaban nos seus ollos; díxolle ao neno en voz baixiña:

—Ola, miña cousiña bonita!

Pero, agora, o pequeno esquecera a súa nai. Estaba de novo serio. Unha cousa rosa, unha cousa suave ondulaba ante el. Tratou de collela, e esta desapareceu axiña. Pero cando se volveu tombar, apareceu outra, igual á primeira. Esta vez decidiu collela. Fixo un esforzo titánico e volveuse do outro lado.

VII

A marea estaba baixa; o cálido mar deixábase levar preguiceiramente. O sol abrasaba, queimaba e inflamaba a fina area, cocendo os seixos grises, os azuis, os negros e os de vetas brancas. Absorbía a pinguiña de auga que xacía no oco das cunchas redondeadas, esbrancuxaba os convólulos rosas que despregaban os seus fíos a través da dunas. Nada parecía moverse máis que os saltóns. *Pitt-pitt-pitt!* Nunca estaban quietos.

Alá nas rochas con algas colgando que, coa marea baixa, parecían bestas peludas que baixaran ata a auga para beber, o sol parecía caer en barrena como unha moeda de prata que caía en cada unha das pequenas charcas abertas na rocha. Bailaban, estremecíanse, ondas miúdas lavaban as porosas beiras da praia. Se un miraba cara abaixo inclinándose, cada poza era como un lago con casas rosas e azuis agrupadas nas beiras; e, oh!, o vasto país montañoso, por detrás desas casas!, as gargantas, os desfiladeiros, as perigosas calas, e os pavorosos sendeiros que conducían á beira da auga! Baixo aquela superficie ondulaban as especies forestais mariñas: árbores rosas como fíos, anémonas de mar aveludadas, algas salpicadas de baias alaranxadas. Ás veces, no fondo, sacudíase unha pedra, e podíase ver por un intre un negro tentáculo; ás veces, unha criatura delgada coma un fío pasaba vacilando, e desaparecía. Algo lles acontecía ás árbores rosas e ondeantes; estaban mudando a unha cor azul fría do luar. E

agora, oíase o *plof* máis lixeiro. Quen facía ese ruído? Que estaba a pasar alá embaixo? E que olor forte máis intenso e húmido desprendían as algas baixo o sol abrasador...!

Baixaran as persianas verdes dos bungalós da colonia estival. Nos soportais ou colgados sobre o céspede ou tirados sobre os valados, había traxes de baño de aspecto exsangüe e ásperas toallas de raias. Cada ventá traseira parecía ter un par de zapatillas de praia no seu peitoral, anacos de rocha ou un cubo, ou algunha colección de cunchas de paua. As matogueiras estarrecían baixo a nube de calor; a estrada areosa estaría baleira, de non ser polo can dos Trout, *Snooker*, que estaba estarricado no mesmo centro. O seu ollo azul miraba cara arriba, as súas patas erguíanse moi tesas, e botaba ocasionais resollos cun son de desesperación, como para dicir que decidira poñerlle fin a súa vida e que só estaba agardando que aparecese algún vehículo bondadoso.

—Que estás a mirar, avoíña? Por que te paras a cada momento e cravas así a vista na parede?

Kezia e a súa avoa durmían a sesta xuntas. A nena, vestida unicamente co seu pantalón curto e o seu corpiño, cos brazos e pernas núas estaba deitada nun dos alombados almofadóns da cama da súa avoa, e a anciá cunha bata branca engurrada, estaba sentada nunha randeeira, xunto á ventá, cun longo labor de punto de rosa nos xeonllos. Este cuarto, que elas compartían, tiña, igual que os outros cuartos do bungaló, madeira clara vernizada e o sollado estaba nu. Os mobles eran do máis pobre, dos máis sinxelo. O tocador, por exemplo, era un caixón de embalaxe cuberto por unha enagua de muselina con puntilla e o espello colgado enriba era moi raro: parecía coma se un retallo de lóstrego en zigzag quedase preso nel. Pousado sobre a mesa había un floreiro cheo de herbas de namorar tan prensadas que máis ben parecían un alfineteiro de veludo, e unha cuncha especial que Kezia lle dera á súa avoa para facer de porta-alfinetes, e outra, aínda máis especial, que a ela lle parecera que faría un moi agradable lugar para que un reloxo se enroscase nel.

—Dimo avoíña —dixo Kezia.

A anciá suspirou, envolveu rapidamente a la dúas veces arredor do seu polgar; e pasou a agulla de óso; estaba dando puntadas.

—Estaba pensando no teu tío William, cariño —dixo sosegadamente.

—O meu tío William, o australiano? —preguntou Kezia. Ela tiña outro.

—Si, claro.

—O que non vin nunca?

—Si, ese mesmo.

—E que lle pasou?

Kezia sabía moi ben, pero quería que llo contasen de novo.

—Foi ás minas, colleu unha insolación e morreu —dixo a anciá señora Fairfield.

Kezia pestanexou e considerou de novo a estampa... Un homiño envorcado como un soldadiño de chumbo ao lado dun gran burato negro.

—Dáche tristura pensar nel, avoa?

Detestaba ver a súa avoa triste.

Agora tocáballe á anciá consideralo. Poñíase triste? Mirar cara ao pasado, ao pasado. Contemplar os anos pasados como Kezia a vira facer? Ocuparse deles como o fai unha muller, moito tempo despois de que eles se perderan de vista? Poñíaa triste ? Non, así era a vida.

—Non Kezia.

—Pero por que? —preguntou Kezia.

Ergueu un brazo nu e púxose a facer debuxos no aire.

—Por que o tío William tivo que morrer? Non era vello.

A señora Fairfield empezou a contar as puntadas de tres en tres.

—Foi o que pasou —dixo con voz entregada.

—Todo o mundo ten que morrer? —preguntou Kezia.

—Todo o mundo!

—Eu tamén?

O ton de Kezia semellaba terriblemente incrédulo.

—Algún día, queridiña.

—Pero, avoa...

Kezia axitou a súa perna esquerda e sacudiu os dedos dos pés. Notaba area no medio deles.

—E que pasa se eu non quero?

A anciá suspirou de novo e sacou bastante fío do novelo.

—Non se nos consulta, Kezia —dixo tristemente—. Iso pásanos a todos, tarde ou cedo.

Kezia ficou inmóbil, reflexionando sobre isto. Ela non quería morrer. Iso significaba que tería marchar de aquí, abandonalo todo para sempre, abandonar... abandonar a súa avoa. Deu unha volta con rapidez.

—Avoa —díxolle con voz sobresaltada.

—Que, miña ruliña?

—Ti non vas morrer. —Kezia falaba con determinación.

—Pero Kezia... —A súa avoa ergueu a vista, sorriu e sacudiu a cabeza.

—Non falemos diso!

—Pero non vas morrer. Non poderías abandonarme. Non poderías deixar de estar aquí. —Aquilo era terrible—. Prométeme que nunca o farás, avoa, suplicou Kezia.

A anciá continuou co seu punto.

—Prométemo! Di *nunca!*

Pero, así e todo, a súa avoa gardaba silencio.

Kezia deu unha volta e deixouse caer da cama; no podía soportalo máis tempo e, lixeira, saltou sobre os xeonllos da súa avoa, anoou as súas mans arredor do pescozo da anciá e púxose a bicala, por debaixo do queixo, por detrás da orela e a soprarlle no colo.

—Di nunca..., di nunca..., di nunca... —dicía sufocada entre os bicos.

Logo empezou moi suavemente e lixeiramente a facerlle cóxegas á súa avoa.

—Kezia!

A anciá deixou caer o punto. Balanceouse cara atrás na randeeira e púxose a facerlle cóxegas a Kezia.

—Di nunca, di nunca, di nunca —rechouchiaba Kezia, mentres descansaban alí, rindo, unha nos brazos da outra.

—Veña!, ¡xa abonda, esquío meu! ¡Xa abonda, meu cabaliño bravo! —dicía a anciá señora Fairfield, endereitándose a cofia—. Recólleme o punto.

Ambas as dúas esqueceran a que se refería o “nunca”.

VIII

O sol aínda daba de cheo sobre o xardín, cando a porta traseira da casa dos Burnell se pechou de golpe, e unha silueta moi vistosa comezou a baixar polo camiño que conducía ata a cancela. Era Alice, a criada, vestida para a súa saída da tarde. Levaba un vestido de algodón branco con grandes lunares encarnados e tan numerosos que daba calafríos; zapatos brancos e un sombreiro de palla trenzada de Livorna co bordo realizado por unha mata de papoulas. Levaba, como non, luvas, unhas luvas brancas manchadas de ferruxe nas botoeiras e, nunha man, levaba unha antuca de aspecto moi macilento, que ela designaba como o seu “perisol”.

Beryl, sentada á ventá, abanicando o seu pelo acabado de lavar, pensou que nunca vira semellante cousa. Tan só con que Alice ennegrecese a cara cun anaco de cortiza antes de poñerse en marcha, o cadro tería sido completo. Pero onde podía ir unha rapaza así nun lugar como este? O abano típico das Illas Fiji, en forma de corazón, bateu con desdén aquela fermosa cabeleira cegadora. Beryl supoñía que Alice dera con algún horrible e vulgar rifón, e que os dous se perderían pola maleza. Que mágoa que se puxese tan rechamante; sería difícil que pasasen desapercibidos coa pinta que levaba Alice.

Pero non, Beryl era inxusta. Alice ía tomar o té á casa da señora Stubbs, que lle enviara unha “invitación” polo mociño que viña recoller os encargos. Colléralle tanto apego á señora Stubbs dende a primeira ocasión que fora mercar algo para as picaduras de mosquitos.

—Polo amor de Deus! —A señora Stubbs levava a man de Alicia cara a si—. Nunca vin semellante carnicería. Nin que fose vostede atacada polos caníbais!

Alice desexou que houbera un pouco de vida na estrada. Sentíase tan rara ao non ser seguida por ninguén. Isto facía que se sentise totalmente débil. Non podía crer que non houbera quen a espreitase. E, con todo, era estúpido volverse; era descubrirse. Subiu as luvas, cantaruxou para reanimarse, e díxolle ao afastado eucalipto: “Xa queda pouco”. Pero apenas lle serviu de compañía.

A tenda da señora Stubbs estaba empoleirada nun pequeno outeiro, que daba á estrada. Tiña, dúas ventás por ollos, unha ancha terraza por sombreiro e un letreiro no

tellado, onde estaba esborrachado o nome: A TENDA DA SEÑORA STUBBS; era como unha tarxetiña cravada a un lado da copa do sombreiro.

No soportal, colgaba unha longa restra de traxes de baño, pegados os uns aos outros coma se acabasen de ser rescatados do mar, en lugar de esperar a introducirse nel; ao lado deles colgaba un grupo de zapatillas de praia, tan mesturadas que, para conseguir un par, era preciso apartar e separar con enerxía polo menos cincuenta pares. Aínda así, non era nada raro atopar un pé esquerdo que correspondese a un pé dereito. Tanta xente perdera a paciencia e marchara cunha zapatilla que lle sentaba ben e outra que lle era demasiado grande... A señora Stubbs gabábase de ter un pouco de todo. As dúas ventás, organizadas en forma de precarias pirámides, tiñan as mercadorías tan apertadas, tan ateigadas as moreas, que parecía que só un bruxo podería evitar a súa derruba. No canto esquerdo dunha venta, pegado ao cristal con catro caramelos de goma, había —e houbo dende tempos inmemoriais— un anuncio:

PERDIDO!
FERMOSO BROCHE DE LUXO
OURO MACIZO
NA PRAIA OU ARREDORES
OFRÉCESE RECOMPESA...

Alice abriu a porta. Soou a campá, corréronse as cortinas de sargo encarnado e apareceu a señora Stubbs. Co seu amplo sorriso e o longo coitelo de cortar touciño que levaba na man, parecía un bandoleiro amigable. Alice foi recibida tan calorosamente, que lle resultou bastante difícil manter as “formas”. Estas consistían en pequenos ataques persistentes de tose e carraspeira, en tirar das luvas, en tirar da faldras, e nunha curiosa dificultade á hora de ver o que se lle poñía diante ou de comprender o que se dicía.

O té estaba servido na mesa do salón: xamón, sardiñas, unha libra enteira de manteiga e un “johnny cake” tan grande que semellaba propaganda dalgún fermento.

Pero o fogón ruxía tanto, que era inútil intentar subir a voz. Alice sentou no bordo dunha cadeira de brazos de vimbio, mentres a señora Stubbs aínda lle daba máis intensidade ao *fogón*. De súpeto, quitou o coxín dunha butaca e descubriu un groso paquete envolvido en papel moreno.

—Acabo de sacarme novas fotos, querida! —díxolle alegremente a señora Stubbs a Alice—. Dígame que opina delas.

Cun xesto moi delicado e refinado, Alice humedeceu o seu dedo e retirou o papel de seda da primeira fotografía. Meu Deus! Cantas había? Tres ducias polo menos. Puxo a que collera en dirección á luz.

A señora Stubbs estaba sentada nunha butaca, moi inclinada sobre un costado. No seu amplo rostro víase unha expresión de plácido abraio, e non era de estrañar. Pois, aínda que a butaca estaba sobre unha alfombra, á súa esquerda, e seguindo milagrosamente o bordo desta, había unha fervenza precipitándose. Á súa dereita, erguíase unha columna grega cun xigantesco fento a cada lado e no fondo elevábase unha adusta montaña, esbrancuxada coa neve.

—É un bonito estilo, non si? —dixo a señora Stubbs a voces; e Alice acababa de dicir: “Delicioso” cando o ruxido do fogón esmoreceu, apagouse, cesou, e ela dixo: “Bonito”, no medio dun silencio que resultaba arrepiante.

—Achegue a súa cadeira querida —dixo a señora Stubbs comezando a servir o té—. Si —dixo con aire meditabundo, ao ofrecerlle o té—, pero non me importa o tamaño. Vou facer unha ampliación. Todo iso está moi ben para unhas tarxetas de Nadal, pero eu nunca fun moi dada ás fotos pequenas. Non producen ningunha satisfacción. Se lle son sincera, resúltanme deprimentes.

Alice entendía perfectamente o que quería dicir.

—Tamaño —declarou a señora Stubbs—. Todo é cuestión de tamaño. É o que repetía sempre o meu pobre querido marido. Non podía soportar nada pequeno. Iso poñíalle carne de pita. E, por estraño que pareza, miña queridiña... —aquí a señora Stubbs falaba con ton queixoso e ela mesma pareceu dilatarse co recordo— foi a hidropisía a que o levou á tumba. Moi a miúdo sacábanlle un litro e medio no hospital... Parecía un castigo.

Alice devecía por saber exactamente o que lle sacaran. Arriscouse:

—Supoño que sería auga.

Pero a señora Stubbs mirouna fixamente e respondeu en ton moi significativo:

—Era *líquido*, querida.

Líquido!, Alice pasou por alto a palabra como un gato e volveu a ela, con precaución e cautela.

—Alí o está! —dixo a señora Stubbs, e sinalou dun xeito dramático a cabeza e os ombros, de tamaño natural, dun home corpulento, cunha rosa branca morta na botoeira da súa americana e que lembraba unha espiral de graxa fría de cordeiro. Xusto embaixo, en letras de prata sobre un fondo de cartolina encarnada, había estas palabras: “Non teñades medo, son Eu”.

—Tiña unha cara moi bonita —dixo Alice suavemente.

O nó de fita azul pálido que levaba da señora Stubbs no alto dos seus louros cabelos enguedellados, estremeceuse. Arqueou o seu repoludo pescozo. Que pescozo tiña! Era de cor rosa viva onde comezaba e despois volvíase dun cálido albaricoque, que esmorecía ata adoptar a cor dun ovo moreno e, despois unha cor crema intensa.

—De todos os xeitos, queridiña —dixo por sorpresa—, a liberdade é o mellor! —A súa risa sufocada, branda e graxenta parecía o rosmar dun gato—. A liberdade é o mellor! —dixo a señora Stubbs de novo.

—A liberdade! Alice deu unha risiña parva. sufocada e estridente. Sentíase molesta. A súa mente fuxiu voando cara á súa propia cociña. Que excéntrico! Xa tiña ganas de estar de volta nela.

IX

Despois do té, xuntábase no lavadoiro dos Burnell unha rara compañía. Arredor da mesa sentaban un touro, un galo, un burro que sempre esquecía que era un burro, unha ovella e unha abella. O lavadoiro era o sitio ideal para unha xuntanza deste tipo porque podían facer tanto ruído coma quixesen e ninguén os interrompía nunca. Era un

pequeno alpendre de chapa que se atopaba separado do bungaló. Contra a parede había unha fonda pía e na esquina, unha caldeira de lavar cunha cesta chea de pinzas para a coada na parte superior. Sobre o poeirento peitoril da xaneliña, cuberta por unha rede de teas de araña, había un anaco de candeia e unha rateira. Unhas cordas de roupa entrecruzábanse por enriba da cabeza e había unha ferradura de cabalo chea de ferruxe moi grande, enorme pendurada dun gancho da parede. A mesa estaba no centro, cun banco a cada lado.

—Non podes ser unha abella, Kezia. Unha abella non é un animal. É un insecto.

—Oh! Pero eu teño moitísimas ganas de ser unha abella —choromicou Kezia—. Unha abella miudiña, completamente amarela e peluda con bandas nas patas.

E sentou sobre as pernas e apoiouse na mesa. Sentíase como unha abella.

—Un insecto pode ser un animal —dixo con decisión—. Fai ruído. Non é como un peixe.

—Eu son un touro!, eu son un touro! —berrou Pip. E deu tal tremendo bruído (como podía facer aquel ruído?) que a Lottie lle entrou o medo.

—Eu vou ser unha ovella —dixo o pequeno Rags—. Un montón de anos pasaron por aquí esta mañá.

—Como o sabes?

—Papa oíunos. Be... e... e! —O son era similar ao dun cordeiriño que vai detrás, dando trotiños, e parece agardar a que o leven.

—*Quiquiriquí!* —berrou Isabel con ton estridente. Coas súas meixelas encarnadas e os ollos brillantes, parecía un galo.

—Que vou ser eu? —preguntoulles Lottie a todos, e quedou alí sentada, sorrindo, agardando a que decidisen por dela. Tiña que ser un animal fácil.

—Fai de burro, Lottie —Era o que Kezia suxería—. Hi-ho! Non podes esquecer iso.

—Hi-ho! —dixo Lottie solemnemente—. Cando teño que dicilo?

—Explícovolo eu, explícovolo eu —dixo o touro. El era quen tiña as cartas. Axitounas por enriba da súa cabeza—. Silencio todo o mundo! Escoitade todos! Esperou a que estivesen calados. Fíxate, Lottie —Puxo unha carta boca arriba—. Ten

enriba dous puntos. ¿Ves? Pois ben, se pos esta carta no centro e alguén ten unha con dous círculos tamén, ti dis: “Hi-ho”, e a carta é túa.

—Miña? —Lottie tiña os ollos fóra de órbita—. E pódome quedar con ela?

—Non boba. Forma parte do xogo. Só mentres xogamos. —O touro estaba moi enfadado con ela.

—Oh, Lottie, que tontiña es! —dixo o galo fachendoso.

Lottie mirounos a ambos os dous. Logo baixou a cabeza; o seu beizo tremeu.

—Non quero xogar —murmurou.

Os outros miráronse uns a outros como conspiradores. Todos sabían o que iso significaba. Marcharía de alí, e atoparíana nalgún sitio, de pé, co mandil levantado por enriba da cabeza, nunha esquina ou contra unha parede, ou quizais detrás dunha cadeira.

—Que si, Lottie. É moi doado —dixo Kezia.

Isabel, arrependida —dixo tal cal un adulto:

—Mírame a min, Lottie, e aprenderás axiña.

—Ánimo, Lot! —dixo Pip—. Xa sei o que vou facer. Vouche dar a primeira carta. É miña en realidade, pero dareicha. Aquí tes. E botou o naipe diante de Lottie.

Lottie reviviu ante isto. Pero, agora, estaba noutra dificultade.

—Non teño pano —dixo—. Faime boa falta un tamén.

—Toma, Lottie, podes usar o meu —Rags meteu a man na súa blusa de mariñeiro, e sacou un moi húmido e anoado—. Ten moito coidado —advertiulle—. Emprega só este canto. Non o desates. Teño dentro unha estrelina de mar, que vou tentar domesticar.

—Oh! Vamos rapazas! —dixo o touro—. E tede coidado, non vale mirar as cartas. Tedes que poñer as mans debaixo da mesa ata que eu diga: “Agora”.

Botarton as cartas con estrondo arredor da mesa. Trataron de ver con todas as súas forzas, pero Pip era demasiado rápido para eles. Era moi excitante estar alí sentados no lavadoiro; fixeron o que puideron para non estalar nunha pequena coral de animais, antes de que Pip rematase de dar as cartas.

—Agora empezas ti, Lottie.

Timidamente, Lottie sacou unha man, sacou a carta que había enriba do seu montón, mirouna con atención —era evidente que estaba a contar os puntos— e botouna.

—Non Lottie, non podes facer iso. Non podes mirar primeiro. Tes que volvela do outro lado.

—Pero entón todo o mundo a verá ao mesmo tempo ca min —dixo Lottie.

A partida continuou. Muu... muuu! O touro era terrible. Acometía a mesa, e parecía devorar as cartas.

—B-z-z-z! —dicía a abella.

—*Quiquiriquí!* —Isabel levantárase coa excitación, e movía os cóbados coma se fosen ás.

—Bee...! —O pequeno Rags botara o rei de ouros e Lottie o que chamaban o rei de España. Xa case non lle quedaban naipes.

—Por que non dis nada, Lottie?

—Esquecín o que son —dixo o burro lamentándose.

—Pois cambia. Podes ser un can: Guau... guau!

—Oh si! Así é moito máis doado.

Lottie volveu sorrir. Pero cando ela e Kezia tiveron unha carta igual, Kezia agardou á mantenta. Os outros fixéronlle sinais a Lottie e sinalaron os naipes. Lottie púxose moi encarnada; parecía estar desconcertada e, á fin —dixo:

—Hi-ho! Kezia.

—Sh! agardade un minuto!

Estaban en pleno fervor, cando o touro os detivo, levantando a man:

—Que é iso? Que é ese ruído?

—Que ruído? A que te refires —preguntou o galo.

—Sh! Calade! Escoitade! —Quedaron quietos como ratos—. Pareceume oír un... unha especie de golpe na porta —dixo o touro.

—Como era? —preguntou a ovella con voz feble.

Ninguén contestou.

A abella sentiu un calafrío.

—Para que pechamos a porta? —dixo en voz baixa—. Oh, por que, por que pecharan a porta?

Mentres estaban a xogar, o día apagarase; o esplendoroso ocaso, xa flamexara e esmorecía. E agora, a rápida escuridade chegaba correndo por enriba do mar, por enriba das dunas, ata o prado. Daba medo de mirar nos recunchos do lavadoiro pero había que mirar a conciencia. E, en algures, moi lonxe, a avoa estaba a acender unha lámpada. Baixábanse as persianas; o lume da cociña brotaba con ímpeto no metal da repisa da cheminea.

—Sería horrible —dixo o touro—, se agora fose caer unha araña dende o teito ata a mesa, a que si?

—As arañas non caen dos teitos.

—Si que caen. A nosa Min díxonos que vira unha araña tan grande coma un prato e con longos pelos enriba coma unha sorbeira.

Todas as cabeciñas se sacudiron cun movemento brusco e vivo; todos os corpiños se achegáron e apertáronse uns contra outros.

—Por que non vén alguén a chamarnos? —berrou o galo.

Oh! Eses maiores, rindo tan cómodos, sentados á luz da lámpada, bebendo nunhas cuncas! Esquecéranos. Non, en realidade non os esqueceran. Isto era o que significaban os seus sorrisos. Decidiran deixalos alí, eles sós.

De súpeto Lottie deu un berro tan agudo que todos baixaron dos bancos dun salto, e berraron tamén.

—Unha cara! Unha cara que nos mira! —gritaba Lottie.

Era verdade, era un feito. Había un rostro pálido, uns ollos negros, unha barba negra pegada contra a ventá.

—Avoa! Mamá! Que veña alguén!

Pero aínda non chegaran á porta, tropezando uns contra os outros, cando esta se abriu e entrou o tío Jonathan. Viñera a polos rapaciños, para levalos á casa.

X

Tivera a intención de ir antes, pero no xardín de diante atopara a Linda, que paseaba de arriba a abaixo pola herba, deténdose para retirar unha caraveliña morta, ou para poñerlle un apoio a unha caraveliña coa flor demasiado pesada, ou para respirar profundamente, e despois continuar camiñando co seu airiño de afastamento. Sobre o seu vestido branco levaba un chal amarelo co borde rosa, comprado na tenda do chinés.

-Ola, Jonathan! —chamou Linda.

E Jonathan quitou rapidamente o sombreiro panama deslucido, apertouno contra o peito, deixouse caer sobre un xeonllo e bicou a man de Linda.

—Saúdos, fermosura! ¡ Saúdos miña Celestial Flor de Melocotón!, —resou docemente a voz de baixo—. Onde están as outras nobres damas?

—Beryl saíu a xogar ao *bridge*, e mamá está bañando o neno... Veu vostede para pedir algo?

Ós Trout sempre se lles acababa algo e enviaban a alguén a casa dos Burnnell a última hora.

Pero Jonathan só respondeu:

—Un pouco de amor, un pouco de bondade —e púxose a andar a carón da súa cuñada.

Linda deixouse caer na hamaca de Beryl, debaixo do *manuka*, e Jonathan tendeuse no céspede xunto a ela, arrancou unha palliña e comezou a mastigala. Os dous coñecíanse moi ben. Chegaban as voces dos nenos dende os outros xardíns. A carreta lixeira do pescador pasaba dando sacudidas polo camiño areento e, oíron ladrar un can na distancia; o ladrido quedou amortecido, coma se o animal tivese a cabeza metida nun saco. Se un se paraba a escoitar, apenas se podía oír o suave asubío do mar cando a marea alta varría os seixos. O sol ía caendo.

-Así que volve vostede á oficina o luns, verdade, Jonathan? —preguntou Linda.

—O luns, a porta da gaiola ábrese de novo e volve pecharse estrepitosamente sobre a vítima durante once meses e unha semana —contestou Jonathan.

Linda balanceouse un pouco e dixo con parsimonia:

—Debe de ser horrible.

—Quere vostede que me bote a rir, preciosa irmá? Ou quere que me bote a chorar?

Linda estaba tan afeitada ao xeito de falar de Jonathan que non lle prestaba a menor atención.

—Supoño —dixo ela con aire distraído—, que un se afai. Un afaise a calquera cousa.

—De veras? Hum! —Este “hum” era tan profundo que parecía retumbar debaixo da terra. Pregúntome como se fai— dixo Jonathan con aire meditativo e melancólico. Eu, nunca cheguei a conseguilo.

Observándoo alí deitado, Linda pensou unha vez máis no sedutor que era. Era estraño pensar que só fose un vulgar empregado, e que Stanley gañase dúas veces máis ca el. Que lle pasaba a Jonathan? Carecía de ambición; Linda supoñía que era iso. Pero, non obstante, unha tiña a sensación de que tiña talento, e que era excepcional. Era un apaixonado da música; cada penique que lle sobrava gastábase en libros. Estaba sempre cheo de ideas novas, de proxectos, de plans. Pero de todo iso non saía nada definitivo. O novo lume acendíase vivamente en Jonathan; case se escoitaba renxer suavemente mentres el explicaba, describía, e dilatábase sobre o novo proxecto; pero un pouco despois esmorecese e non quedaban máis que cinzas e Jonathan ía e viña, cunha ollada como de famento nos seus ollos negros. Neses momentos, esaxeraba o seu absurdo xeito de falar, e cantaba na igrexa —era o director do coro— cunha intensidade dramática tan terrible, que o cántico máis pobre se revestía dun esplendor impío.

—Paréceme tan idiota, tan infernal ter que ir o luns á oficina —dixo Jonathan—, como sempre me pareceu e sempre me parecerá. Botar os mellores anos da miña vida sentado nunha cadeira, dende as nove ata as cinco, trazando o rexistro doutro! É un estraño modo de empregar un a súa... a súa soa e única vida, verdade? Ou estou a soñar inocentemente? —Deu a volta pola herba e ergueu os ollos cara a Linda—. Dígame, que diferenza existe entre a miña existencia e a dun prisioneiro corrente? A única diferenza que eu vexo é que eu mesmo me metín no cárcere e que ninguén me ceibará xamais dela. Esta é unha situación máis intolerable que a outra. Porque se eu fose empurrado á forza contra a miña vontade (incluso patexando) unha vez a porta pechase, ou cinco anos máis tarde, en todo caso, eu podería chegar a aceptar o feito e comezar a

interesarme polo voo das moscas, ou por contar os pasos do carcereiro ao longo do corredor, prestándolles particular atención ás variacións no seus pasos e estas cousas. Pero, no meu caso, son tal cal un insecto que chegou voando a un cuarto por impulso propio. Precipítome contra as paredes, contra as ventás, bato as ás contra o teito; de feito, fago todo o habido e por haber neste mundo, agás saír voando de novo. E estou pensando durante todo o tempo, como esa couza, ou esa bolboreta, ou calquera insecto: “Oh, a vida é breve! Oh, a vida é breve!”. Só me queda unha noite ou un día, e aí esta esperando este vasto e perigoso xardín, inexplorado e por descubrir.

—Pero se vostede se sente así por que... —comezou Linda vivamente.

—Ah! —berrou Jonathan. E o ah! soaba exultante en certo sentido—. Aí, si que me pillou! Por que? Por que? Veláí a pregunta enlouquecedora, misteriosa. Por que non saio outra vez? Aí esta a ventá ou a porta, ou o que sexa por onde entrei. Non está pechada para sempre... Verdade? Por que non a busco e marcho? Contésteme iso, irmanciña!

Pero non lle deu tempo a responder.

—Son exactamente como o insecto do que lle falei. Por algunha razón... —Jonathan facía unha pausa entre as palabras— non está permitido, está prohibido, vai contra a lei dos insectos cesar, sequera por un intre, de golpear, de bater coas ás ou de se arrastrar polo cristal. Por que non abandono a oficina? Por que non considero seriamente, neste momento, por exemplo, que é o que me impide abandonala? Non é que estea moi atado. Teño dous nenos que manter pero, ao fin e ao cabo, son varóns. Podería fuxir por mar, ou atopar traballo no interior, ou ben... —De súpeto, sorriulle a Linda, e dixo cunha voz cambiada, coma se lle estivese a confiar un segredo:

—Débil... débil ... Sen carácter. Sen ningún vigor. Sen seguridade ningunha. Sen principio ningún que me guíe, se se lle pode chamar así —Pero entón a triste e aveludada voz resoou:

Queredes oír

como se desenvolve o conto

E quedaron en silencio.

O sol xa se puxera. No ceo occidental había enormes masas comprimidas de nubes de cor rosa. Anchos raios de luz brillaban a través das nubes e alén delas, coma se fosen cubrir o ceo enteiro. Arriba, o azul do ceo murchábase; convertíase en ouro

pálido, e as matogueiras, ao perfilarse contra el, relucían escuras e brillantes como un metal. Ás veces, cando estes raios de luz asoman no ceo, resultan arrepiantes. Recórdannos que alá arriba ten a súa sé Jehovah, o Deus celoso, o Todopoderoso, cuxo ollo esta sempre sobre nós sempre á espreita, nunca fatigado. Recordade que, á súa chegada, a terra enteira se sacudirá, ata converterse nun cemiterio de ruínas; que os anxos fríos e luminosos vos abrirán paso por aquí e por alá, e que non haberá tempo para explicar o que se podería explicar tan sinxelamente... Pero, aquela tarde, a Linda parecíalle que había algo infinitamente alegre e tenro neses raios prateados. E agora non chegaba ningún ruído do mar. Respiraba suavemente, coma se quixese atraer ao seu propio seo aquela beleza tenra e gozosa.

—Todo está mal, todo está mal —repetía a misteriosa voz de Jonathan—. Non é a escena, non é o escenario para... Tres tallos, tres pupitres, tres tinteiros, unha pantalla metálica.

Linda sabía ben que el non cambiaría nunca pero dixo:
-É demasiado tarde, mesmo agora?

—Son vello... Son vello —salmodiou Jonathan. Inclínouse cara a ela e pasou a man pola cabeza—. Mire!

Todo seu pelo negro estaba totalmente sementado de prata, como a plumaxe do peteiro dunha ave negra.

Linda quedou sorprendida. Non tiña nin idea de que tivese canas. E, non obstante, mentres estaba de pé xunto a ela e suspiraba e se estiraba ela viuno, por primeira vez, non resolto, non gallardo, non indiferente, senón xa ferido pola idade. Parecía moi alto na herba escurecida, e este pensamento pasoulle pola cabeza: “É como unha herba feble”.

Jonathan detívose de novo e bicoulle os dedos.

—Que o ceo recompense a súa doce paciencia, oh miña dama! —murmurou—. Teño que ir buscar os herdeiros da miña fama e fortuna... E marchou.

XI

Unha luz brillaba polas ventás do bungaló. Dúas manchas cadradas de ouro caían sobre as caraveliñas e as caléndulas aguzadas. *Florrie*, a gata, saíu ata o soportal e sentou no chanzo máis alto, as patas brancas xuntas, a cola facendo un nobelo. Parecía satisfeita, coma se estivese a esperar este momento durante todo o día.

—Grazas a Deus que se fai tarde —dixo *Florrie*—. Grazas a Deus o longo día rematou —Os seus ollos cor ameixa abríronse.

Moi pronto oíuse o retumbar da dilixencia, o chascar do látego de Kelly. Achegouse o bastante para que se puidesen oír as voces dos homes que volvían da cidade e que falaban en voz alta a un tempo. Detívose na entrada dos Burnell.

Stanley estaba na metade do camiño, cando viu a Linda.

-Es ti, querida?

—Si Stanley.

Saltou o macizo de flores e colleuna nos brazos. Envolveuna nun abrazo íntimo, ansiado e vigoroso.

—Perdóame, querida, perdóame —balbuciu Stanley, e pasoulle a man baixo o queixo, e achegou a súa cara á del.

—Perdoarte? —dixo Linda sorrindo—. Pero, por que?

—Meu Deus! Como o puidiches esquecer! —berrou Stanley Burnell. Non pensei noutra cousa durante todo o día. Pasei un día infernal. Decidira saír correndo para telegrafar, e despois pensei que o telegrama non podería chegar antes ca min. Que tormento sufrín, Linda.

—Pero Stanley —díxolle Linda—, que debo perdoarte?

—Linda! —Stanley sentíase moi ferido—. Non te decataches?... Debiches decatarte de que... está mañá marxei sen dicirte adeus. Non podo concibir como puiden facer semellante cousa. É este condenado carácter, dende logo. Pero en fin... Deu un suspiro e volveu collela nos seus brazos—. Xa sufrín bastante por iso durante todo o día.

—Que tes na man? —preguntou Linda—. Luvras novas. Déixamas ver.

—Oh! Só é un par de luvas de rebezo baratas —dixo Stanley, humildemente—. Vin que Bell levaba unhas esta mañá no coche, así que ao pasar pola tenda entrei correndo e merquei un par. De que te ris? Cres que foi unha mala idea?

—Todo o contrario, querido —díxolle Linda—; penso que foi do máis sensato.

Ela meteu a man nunha das grandes luvas pálidas e mirou na súa man, dándolle voltas por todos os lados. Aínda estaba sorrindo.

Stanley quería dicir: “estiven a pensar en ti todo o tempo, mentres as compraba”. Era a verdade; pero, por un motivo ou por outro, non foi quen de expresalo.

—Entremos —dixo el.

XII

Por que un se sente tan diferente durante a noite? Por que é tan excitante estar esperto, mentres todo o mundo está durmindo? Tarde ..., é moi tarde! E, no entanto, sentímonos cada vez máis e máis espertos coma se, cada vez que respiramos, fosemos despertando, pouco a pouco, a un mundo novo, moito máis emocionante e excitante que o mundo da luz diúrna. E que é esta estraña impresión de ser unha conspiradora? Lixeiramente, silandeiramente movémonos polo noso cuarto. Collemos algunha cousa do toucador, volvémosla colocar sen ruído. E todo, ata as columnas da cama, vos coñece, vos responde, comparte o voso segredo...

Polo día, un non lle ten moito apego ao seu cuarto. Nunca pensa nel. Entrades, saídes; a porta ábrese e péchase dun golpetazo; o armario chía. Sentades no bordo da vosa cama, cambiades os zapatos, e saídes de vagar fóra. Unha inmersión no espello, dúas pinzas no voso pelo, algo de maquillaxe en po no nariz, e fóra de novo. Pero agora ..., de súpeto collémoslle apego. É un cuarto xentil... precioso... moi chusquiño. É teu. Oh! Que alegría, posuír cousas. Miña...!, todo meu!

—Meu para sempre?

—Si —Os seus beizos xuntáronse...

Nada, estaba claro que aquilo non tiña nada que ver. Todo iso non eran máis que estupideces e bobadas. Pero a pesar seu, Beryl vía tan claramente dúas persoas de pé no medio do seu cuarto. Os brazos dela rodeaban o pescozo del; el abrazábaa. E agora murmurou: “Meu amor! Meu amoriño!” Saltou da cama, correu á ventá e axeonllouse no asento, cos cúbados sobre o peitoril. Pero a fermosa noite, o xardín, cada matogueira, cada folla, incluso as estacas brancas da cerca e as estrelas eran conspiradoras tamén. Tan resplandecente estaba a lúa que as flores brillaban como durante o día; a sombra das capuchinas, exquisitas follas como azucenas, e abrochos completamente abertos, descansaba ao longo do soportal prateado. A *manuka*, dobrada polos ventos do Sur, parecíase a un paxaro pousado sobre unha pata, despregando unha á.

Pero cando Beryl mirou o bosque, pareceulle que estaba triste.

“Somos árbores mudas, que estiramos as nosas pólas na noite, implorando non sabemos que” —dicían as apesaradas matogueiras.

E é verdade que, cando unha está sóa e cando pensa na vida, esta sempre é triste. Todo ese entusiasmo e o demais ten unha maneira de abandonarvos de súpeto, e é coma se no silencio alguén vos chamase polo voso nome, e escoitádeses o voso por primeira vez: “Beryl!”

—Si, estou aquí. Son Beryl. Quen me busca?

—Beryl!

-Déixame vir!

Unha séntese sóa, cando vive en soidade. Naturalmente que hai familia, amigos, moreas deles; pero non é iso o que ela quere dicir. Ela quere que alguén descubra a Beryl que ninguén coñece, que espere que sexa sempre esa Beryl. Quere un amante.

—Lévame lonxe destas xentes, amor meu. Váiámonos moi lonxe. Vivamos a nosa vida, de novo, para nosoutros, dende o seu mesmo comezo. Acendamos o noso lume. Sentemos a comer xuntos. Teñamos longas charlas pola noite.

E o seu pensamento era case un: “Sálvame, amor meu!. Sálvame!”.

“Oh! Vamos! Non sexa mexericas, querida. Aproveite mentres sexa nova. Ese é o meu consello.” E unha arroutada de risa estúpida e aguda uníase á risa de rincho, escandalosa e indiferente da señora Harry Kember...

Xa vedes, todo é tan difícil cando unha non ten ninguén. Unha está ata tal punto a mercé das cousas. Unha non pode ser precisamente descortés. E ademais sempre está presente este horror de parecer inexperta, e melindrosa, como aquelas bobas da baía. E ademais... e ademais, é fascinante saber que un posúe poder sobre a xentes. Si, é fascinante...

Por que?, oh por que non virá el axiña?

Se continúo vivindo aquí, pensou Beryl, pódeme acontecer calquera cousa.

“Pero como podes saber que el vai vir?”, burlouse unha voceciña dentro dela.

Beryl desbotou este pensamento. Non podía quedar alí. Outras quizais, pero non ela. Non se podía crer que Beryl Fairfield, aquela encantadora, aquela sedutora rapaza, nunca casase.

—Lembra a Beryl Fairfield?

—Sí, lembro! Como se un puidese esquecela! Vina na Baía un verán. Estaba de pé na praia, cun vestido de muselina azul —non, rosa—, suxeitando un grande sombreiro de palla cor crema —non, negro— na man. Pero xa foi hai anos.

—Segue tan fermosa como sempre, máis incluso.

Beryl sorriu, mordeu un beizo e contemplou o xardín. Mentres o contemplaba, viu alguén, un home, saír da estrada e camiñar polo prado ó longo da estacada, coma se fose directamente cara a ela. O seu corazón latexou. Quen era? Quen podía ser? Non podía ser un ladrón, dende logo que non era un ladrón xa que fumaba e andaba a paso lixeiro. A Beryl deulle unha volta o corpo; parecía que o corazón lle daba unha volta e que logo se detiña. Recoñeceuno.

—Boas noites señorita Beryl —dixo a voz con dozura.

—Boas noites.

—Quere dar un paseíño? —dixo a lánquida voz.

—Dar un paseo... a estas horas da noite! Non podo. Todo o mundo está deitado. Todo o mundo dorme.

—Oh! —dixo a voz levemente, e un sopro de fume azucrado chegou ata ela—. Que importa todo o mundo? Veña! Vai unha noite tan fermosa! Non hai unha alma.

Beryl sacudiu a cabeza. Pero algo xa espertara no seu interior, algo facía a súa aparición.

A voz dixo:

—Ten medo?

E burlouse:

—Pobre rapaciña!

—Nin o máis mínimo —replicou Beryl. Mentres falaba, aquela feble criatura que había no seu interior pareceu desatarse, e fortalecese de súpeto; Beryl devecía por ir.

E, como se o outro se decatase disto, dixo con voz lene e doce, pero con resolución:

—Vamos!

Beryl saíu pola ventá, cruzou o soportal, e baixou correndo polo céspede ata a valla. El estaba alí, fronte a ela.

—Iso é! —dixo en voz baixa, e despois de xeito burlón:

—Non ten medo, verdade? Non ten medo?

Si que o tiña. Agora que se atopaba alí, sentíase aterrada, parecíalle que todo era diferente. O luar contemplábaa fixamente e escintilaba; as sombras parecíanlle barrotes de ferro. Colléronlle a man.

—Diso nada —dixo ela con resolución—. Por que ía telo?

Colleulle suavemente a man, atraéndoa. Ela contívoa.

—Non, non vou ir máis lonxe —dixo Beryl.

—Oh, parvadas! —Harry Kember non a cría—. Vamos! Só iremos ata esa matogueira de fucsias —Vamos!

A matogueira de fucsias era alta. Caía como unha chuvia por enriba da estacada. Por debaixo había un pequeno burato escuro.

— Non, en serio, non quero —dixo Beryl.

Por un intre Harry Kember non respondeu. Logo foi preto dela, volveuse cara a ela, sorriu e díxolle rapidamente:

—Non sexa parva! Non sexa parva!

O seu sorriso era algo que Beryl nunca vira. Estaba bébedo? Aquel brillante, cegador e terrible sorriso arrepiouna de espanto. Que estaba a facer? Como chegara ata alí? —preguntoulle o xardín severo mentres a porta se abría dun empuxón e Harry Kember, rápido como un gato, entraba e apertábaa contra si.

—Trasno do demo! Trasno do demo! —dicía a odiosa voz.

Pero Beryl era forte. Deslizouse, agochou a cabeza, retorcese e liberouse.

—É vostede detestable, detestable —dixo.

—Entón dígame no nome de Deus por que veu? —dixo Harry Kember tateando.

Ninguén lle contestou.

Unha nube pequena e serena flotaba por diante da lúa. Neste momento de escuridade, o mar soaba profundo e axitado. Entón a nube afastouse flotando, e o ruído do mar converteuse nun vago murmurio, coma se espertase dun escuro soño. Todo quedou en silencio.

